

Panzuzu

Anxo Pastor

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PASTOR, ANXO (2012 [1998]). “Panzuzu”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 4 (4 de decembro). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1769>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PASTOR, ANXO (1998). “Panzuzu”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 4 (4 de decembro).

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A RAMA

no aire

FOLLA DE CREACIÓN • nº 4

COORDINACIÓN: ANXO PASTOR




Ilustración: A. Pastor

...Distráido
e cun golpe
de vento descoñecido
xordes

Chamareite Panzuzu
o que xorde desa sombra
na cal
anaco de azul
ou barro desprestixiado

Chamareite Panzuzu
o que viaxa con destino
ó aire

porque ti es un soño
de árbore
un arabesco que deixa o vento

E ese é o noso
segredo ou escuro tesouro

Ninguén sabe o que ocorre
nas altas ramas
nos esquecidos recantos do corazón

Só quizais os paxaros
e algúns ollos coñecen ese
imposible silencio dos
solos
Mira...
un movemento do pincel
un caricia desatada
alixeira a nosa equipaxe

Agora a pel
non cóbiza
Fresca é a auga
e o pulo

Recolles as faragullas de pan
e convérteste só nesas migallas
Sen esquecemento4 nin refuxio
recuperas o teu esquecido lapis

E debuxas o teu esquecido
rostro
perfil dun charco

E con auga de charco
refacemos a infancia
desprazando os muros
E ti Panzuzu
suxeitas por un
intre o ceo e a terra

Anxo Pastor
PANZUZU

ANXO PASTOR. (Vilardonas, Ribas do Sil, Lugo, 1959)
Obra poética: *Os poemas da secta*, Ed. Atlántico Express (Lugo, 1987); *Arcana*, Las voces mudas (Ed. Novo Século, 1993); *Alixreira*, (Ed. Autor, Vilagarcía, 1996); *Cielo Bajo*, (Ed. Autor, Vilagarcía, 1997); *O cavalo económico*, (Ed. Tema, Lisboa, 1998)